

MANUAL DE SOLICITUDE DE LICENZAS FEGAN

Tempada 2026-27.

Manual para Clubs

1. Acceso á plataforma

Acceso á plataforma de solicitude de licenzas:

<https://intranet.rfen.es>

2. Xeneralidades

Debemos distinguir entre:

- **Persoa solicitante** do sistema: persoa rexistrada no sistema cun acceso ó mesmo. Esta persoa fornece: nome, apelidos e correo electrónico e ten unha contrasinal de acceso.
- **Persoa con licenza**: persoa que ten licenza na que fornece todos os seus datos: nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade, correo electrónico... e que está vinculada a un club.

Unha persoa solicitante pode ser por exemplo unha nai que xestiona a seu fillo que sería a persoa con licenza.

Para que as persoas solicitantes poidan solicitar licenzas, teñen que ser administradoras da persoa á que queren solicitar a licenza (persoa con licenza).

Na seguinte ligazón está o manual da persoa solicitante que solicita licenzas:

<https://www.fegan.org/post/5013>

En dita ligazón tamén está este manual.

3. Proceso de solicitude de licenzas

Cando unha persoa solicitante accede ó sistema e non está na lista de persoas a persoa á que quere solicitar a licenza, pode ser por dous motivos:


- A persoa nunca tivo licenza de natación, nin de natación artística, nin de wáter-polo. Polo que tería que dala de alta.
- A persoa xa tivo licenza algunha vez. Neste caso a persoa solicitante ten que solicitar o acceso (ser administradora) ó último club no que tivo a última licenza ou á federación.

4. Conceder acceso


Aquí explicase como o club ten que facer para conceder acceso de administración a unha persoa solicitante (unha nai por exemplo) a unha persoa con licenza (seu fillo). Que é o mesmo que vincular unha persoa con licenza a unha persoa solicitante.

Os pasos son os seguintes:

1. Ir á sección chamada xestión > persoas
2. Buscar a persoa por apelidos, poñer os apelidos e premer en buscar.
3. Unha vez que aparece a persoa, obterás información sobre a persoa que estás buscando, no extremo dereito tes 3 botóns.
4. Fai clic no botón do extremo dereito (a icona do grupo de persoas)



5. Na caixa de texto pon o correo electrónico da persoa usuaria á que lle queres conceder o acceso e preme en buscar.



6. Se o correo da persoa solicitante está no sistema, aparecerán as coincidencias. Prema no botón + da persoa solicitante a engadir como administradora da persoa da licenza.



7. Finalmente pode verse a persoa solicitante engadida á lista de persoas administradoras da persoa da licenza.



5. Esquema da solicitude de licenza

